

ELEMENTAL, QUERIDO WATSON

BIBLIOTECA IES "AS MARIÑAS"



FEBREIRO 2007

SHERLOCK HOLMES

Sherlock Holmes é un detective privado alto, delgado, de nariz aquilino, pouco emocional, irónico, enseñoso e intelctualmente inqueda. Non é moi ordenado e na rutina cotiá, é moi mañoso disfrazándose, fuma en pipa, toca o violín (un Stradivarius e decote a horas pouco adecuadas) con mestría, é un experto apicultor, excelente boxeador, ten un grande coñecemento científico en especial en química e, cando se aburre por falta dos retos intelectuais que supoñen os seus casos, consome cocaína nunha solución ao 7%, e que deixa grazas á insistencia do seu compañeiro, amigo e cronista Watson, con quen vive no número 221B de Baker Street, en Londres.

Sen embargo, a súa característica máis notoria é o emprego do razoamento puro para resolver os casos máis intrigantes, puidendo chegar ás conclusións máis sorprendentes a partir dos detalles aparentemente máis triviais.

Arthur Conan Doyle foi o creador deste famoso detective .

Sherlock Holmes na biblioteca:

- *As aventuras de Sherlock Holmes*
- *O can dos Bas-kerville*



- *Sherlock Holmes, detective*
- *O signo dos catro*
- *Estudo en escarlata*
- *La reparación de Sherlock Holmes*
- *The Speckled Band and Other Stories (con audiolibro)*

AUGUSTE DUPIN

Pode dicirse que o creador da novela policial é o estadounidense Edgar Allan Poe cos seus contos *Los crímenes de la calle Morgue (1841)*, *El misterio de Marie Roget (1842)*, *La carta robada (1843)*, y *El escarabajo de oro (1844)*. Os tres primeiros protagonizados por Auguste Dupin, o primer detecti-

ve de ficción.

Dupin representa o detective analítico que aplica a razón e a ciencia para resolver os seus casos.

Poe na biblioteca:

- *Contos*
- *Relatos*

- *Narraciones extraordinarias*



A NOVELA POLICIAL:

- *A novela policial é un tipo de relato en que se adoita narrar a historia dun crime que, a través dun sistemático proceso de observación e de lóxica, desvela un detective.*
- *Os elementos básicos deste tipo de novelas son: un crime, un criminal(que non se lle decobre ao lector case ata a fin) e un detective que desvela o crime.*
- *Somérxete no misterioso mundo da novela policíaca e, cal detective, chega ás túas propias conclusións. ¡Animo, seguro que ti tamén es quen de facelo!*

NESTE BOLETÍN

COÑECE OS DETECTIVES MÁIS FAMOSOS

PROPOSTAS DE LECTURA

NOVIDADES NA BIBLIOTECA

PON A PROBA A TÚA CAPACIDADE DETECTIVESCA

MÁIS MISTERIO NA BIBLIOTECA...



Georges Simenon

COMISARIO MAIGRET

Comisario ficticio da policía xudicial francesa creado por Georges Simenon.

Vive en París coa súa inseparable muller Louise Leonard.

Adoita resolver os casos introducíndose na vida das persoas que están ao redor do suceso investigado. Resolve os seus casos me-

diante a comprensión da forma de vida dos seus investigadores, pensando, comendo, vivindo con eles.

A través do comisario Maigret, Simenon cóntanos historias policiais pero sobre todo nos conta historias de persoas, vilas e cidades, pequenas historias que transcenden o local ao trataren temas universais.

Maigret na biblioteca:

- *Maigret na escola*
- *Las investigaciones de Maigret / El loco de Bergerac / Maigret y el Liberty Bar*
- *Maigret en el Pri-catt's*

INSPECTOR WALLANDER

Kurt Wallander é un inspector de policía da cidade sueca de Ystad que aparece nunha serie de novelas negras escritas por Henning Mankell.

Wallander é un personaxe repleto de humanidade e de sensibilidade cotiá, que o mesmo pode desentrañar a máis complicada serie de asasinatos que doerse da súa sorte e pensar que debe xubilarse para dar paso a

unha sociedade postmoderna que o asoballa e que parece xa non entender.

Wallander na biblioteca:

- *Asesinos sin rostro*
- *Los perros de Riga*
- *La falsa pista*



Henning Mankell

A MELLOR
RECEITA PARA A
NOVELA
POLICIAL: O
DETECTIVE NON
DEBE SABER
NUNCA MÁIS
QUE O LECTOR.

AGATHA
CHRISTIE

HÉRCULES POIROT

Hércules Poirot, de orixe belga, é o personaxe máis famoso da escritora británica Agatha Christie.

Mr. Poirot é un detective retirado que sempre ten grande cantidade de traballo, e sempre busca resolver misterios que o atraían pola súa complexidade intelectual.

Poirot é un homiño de pouca estatura, repoludo, de cabeza de ovo e un impresionante bigote do que el fahendea .

É pulcro ata o extremo, a súa aparencia persoal é sempre impoluta e adora "a orden e o método".

Antigo membro da policía belga chegou a Inglaterra como refuxiado durante a I Guerra Mundial e xa non abandonou o país, onde se estableceu como detective privado con grande éxito.

Poirot está sempre anunciando o seu eminente retiro: argalla ir ao campo e adicarse

a cultivar cabaciñas. Abonda dicir que abandona o seu retiro en canto aparece un caso que chame a súa atención.

Na biblioteca:

- *Asasinato no Orient Express*
- *Dez negritos*
- *O asasinato de Roger Ackroyd*
- *Muerte en el Nilo*



FLANAGAN

Juan Anguera, alias “Flanagan”, é un mozo intelixente que realiza pequenas investigacións para conseguir algo de cartos e pagar os seus caprichos.

Foi el quen descubriu que Rebollo era o autor das pintadas que apareceron nas paredes do instituto, onde se podía ler fermosuras de todo tipo sobre Fede Gómez; e tamén foi quen averiguou, grazas ás pegadas de chourizo no libro de Bécquer da biblioteca, que Jorge Castells, coñecido tamén como o

Plasta, era o responsable dos anónimos de carácter amoroso que recibía a súa compañeira Lucrecia Pastor.

Ata aquí, todo máis o menos normal. Pero é que Flanagan, sen saber moi ben como, remata por se meter en leas moito máis gordas: líos perigosos nos que están involucrados traficantes, chantaxistas, *skinheads* ou empresarios corruptos; e tamén en líos doutro tipo, como os amorosos que o traen de cabeza, que o empurran ata o ceo para logo facelo caer de

súpeto.

Flanagan é un personaxe creado por Andreu Martín e Jaume Ribera.



Flanagan na biblioteca:

- *Flanagan Blues Band*
- *Flanagan 007*
- *O diario vermello de Flanagan*
- *Alfagann é Flanagan*
- *Todos los detectives se llaman Flanagan*
- *No pidas sardinas fuera de temporada*
- *Eu tampoco me chamo Flanagan (Novidade)*

CORREDORES DE SOMBRA (NOVIDADE)

Agustín Fdez Paz

Verán de 1995. No pazo dos Soutelo, ao facer unhas obras de restauración, descóbrense un esqueleto dentro dunha alfombra enrolada, oculto entre dous tabiques. Un cadáver emparedado hai máis

de cincuenta anos, cun furado de bala na cabeza. Quen é o morto? Que man empuñou a pistola que o asasinou? Clara Soutelo, testemuña involuntaria da descuberta, asume o reto de desvelar o misterio que se agocha tras as dúas preguntas. Unha investigación complexa, que a levará a indagar no pasado da súa familia.



LUAR NO INFERNO (NOVIDADE)

Miguel Anxo Fernández

Frank Soutelo, detective californiano de pais galegos, volve aos ambientes cinematográficos para tentar descubrir unha trama negra na que se mesturan os magnates de Hollywood, o tráfico de mulles na fronteira mexicana e as *snuff movies*, películas ilegais realizadas con violencia real.


EL MISTERIO DE LA HABITACIÓN CERRADA (NOVIDADE)



Emilio Calderón

Bruno é un mozo español que no ano 2001 chega a Londres para realizar un master en psicoloxía criminal, tema que o apasiona. Na biblioteca da universidade coñece a Heaven Howells, unha fermosa rapaza de ollos azuis cuns familiares que semellan estar vinculados

cun famoso asasino en serie, Jack o Limpio. Bruno ve a oportunidade da súa vida: clarear o misterio deste famoso criminal, algo que nin sequera conseguiu Scotland Yard, para así conquistar a muller dos seus sonhos. Unha serie de cadros ocultos nun carto pechado da mansión familiar de Okeford Manor quizais agoche a resposta a tanto misterio...





Pon a proba a túa capacidade detectivesca con...

Son Bond, James Bond

- O concurso durará 3 semanas e terá dúas partes: **O pista a pista** e **O preguntón** da derradeira semana.
- Cada semana póñense en xogo 5 puntos (do Pista a Pista)
- **Pista a Pista:** Cada día (de luns a venres) ás 11,15 poñerase no taboleiro da biblioteca unha pista sobre un enigma que hai que resolver. Coa primeira pista daranse 5 puntos que irán diminuíndo un punto con cada pista nova.
- **O Preguntón:** A terceira e derradeira semana repartirase entre os equipos concursantes unha superpregunta que os equipos terán que entregar resolta antes do venres ás 11,30 da mañá. A solución completa á pregunta ten un valor de 5 puntos.
- Pódense formar equipos de 2 ou 3 alumnos que se terán que inscribir previamente na biblioteca.
- Non poderán obter información de ningún profesor.
- O equipo gañador (aquel que consiga máis puntos) recibirá un cheque con 60 euros que poderá trocar por música, libros, películas ou material deportivo.

O concurso comenza o vindeiro 12 de marzo
¡Xa podes ir facendo o teu equipo!

MÁIS MISTERIO NA BIBLIOTECA

Literatura xuvenil

- ◆ *Las aventuras de la “mano negra” / Autor: Hans Jurgen Press*
- ◆ *O misterio do cuarto amarelo / Autor: Gaston Leroux*
- ◆ *Los espejos venecianos / Autor: Juan Manuel Gisbert*
- ◆ *El misterio del eunuco / Autor: José Luís Velasco*
- ◆ *Algo despierta en secreto / Autor: Juan Manuel Gisbert (Novidade)*



Cine e literatura

- ◆ *O terceiro home / Autor: Graham Green*
- ◆ *El tercer hombre / Director: Carol Reed*
- ◆ *El nombre de la rosa / Autor: Umberto Eco*
- ◆ *El nombre de la rosa / Director: Jean-Jacques Annaud*

